

JEAN-PAUL SARTRE

# A infancia dun xefe

Traducido por Ánxela Gracián



Hugin e Munin

«Estou adorable co meu vestidiño de anxo». A señora Portier dixéralle a mamá: «O seu cativo está para comelo, adorable co seu vestidiño de anxo». O señor Bouffardier sentou a Lucien no colo e aloumiñoulle os brazos: «É unha verdadeira nena!», díxolle sorrindo. «Como te chamas: Jacqueline, Luccienne, Margot?». Lucien arrubiou e respondeu: «Chámome Lucien». Xa non estaba totalmente seguro de non ser unha nena. Moitas persoas coméranos a bicos chamándolle señorita, e a todo o mundo lle parecía tan encantador coas súas ás de gasa, o seu longo vestido azul, os seus braciños nus e aqueles seus caracois dourados... Tiña medo de que a xente de pronto decidise que xa non era un neno. Protestaría, ninguén lle faría caso, xa nunca máis lle permitirían quitar o vestido agás para durmir, e pola mañá, non ben acordase, atoparíao aos pés da cama, e cando, durante o día, quixese facer pis, tería que erguelo, coma Nénette<sup>1</sup>, e

---

<sup>1</sup> *Nénette* emprégase na linguaxe popular como sinónimo de rapaza ou moza. A orixe do termo remóntase ao ano 1913, cando o debuxante Francisque Poulbot (Saint-Denis, 1879-París, 1946) creou a célebre parella de bonecos Nénette e Rintintin. Contrariamente ao que puidese parecer, Nénette é o neno e Rintintin, a nena. A publicidade dos grandes almacéns da época promóveos con entusiasmo, sinalando que se trata de bonecos articulados, vestidos e dotados de expresión facial. Durante a Primeira Guerra Mundial, as monecas realizáronse con fíos de la e convertéronse en fetiches destinados a protexer os soldados da fronte e mais a poboación dos bombardeos alemáns. Neste formato, Nénette e Rintintin acadaron tamén un grande éxito e mesmo se crearon tarxetas postais coa súa imaxe e diversos libros infantís que relataban as súas aventuras. A denominación da parella serviu ademais para designar os soldados e as súas mozas. Posteriormente, o termo *nénette* popularizouse grazas a Henri Richaud, creador dun cepillo para limpar o automóbil.

ouriñar aniñado sobre os calcaños. Todo o mundo lle diría: miña rula. «Se cadra xa é así; *son* unha nena». Notábase tan doce por dentro que case resultaba unha miga grimoso, e a voz manáballe completamente afrautada por entre os beizos, e ofrecíalle flores a toda a xente con xestos esaxerados; tiña gana de bicar o sangradoiro do brazo. Pensou: «Non está a acontecer de verdade». Gustáballe cando non estaba a acontecer de verdade pero divertírase arreo o martes de Entroido: disfrazárano de Pierrot, correra e brincara con Riri, berrando e agochándose por debaixo das mesas. A súa nai déralle un lapote cos anteollos con mango. «Que orgullosa estou do meu pequeno». Ela era imponente e fermosa, a mellor mantida e máis corpulenta de todas aquelas damas. Cando pasaba por diante da longa mesa das viandas cuberta cun mantel branco, o seu pai, que nese momento bebía unha copa de champaña, ergueuno do chan dicíndolle: «Homiño!». A Lucien entroulle gana de chorar e de dicir: «Será!». Agoou laranxada porque estaba moi fría e porque tiña prohibido bebela. Vertéronlle dous dedos nun vaso pequeno. Tiña un sabor pegañento e tampouco non estaba tan fría. Lucien lembrou daquela a laranxada a base de aceite de rícino que houbo de tragar cando estivo tan enfermo. Rompeu a chorar de novo e sentiuse reconfortado cando o sentaron entre papá e mamá no automóbil. Mamá apertaba a Lucien contra o seu corpo, ela quente e perfumada, vestida con roupas de seda. De vez en cando, o interior do automóbil tornábase branco coma o xiz, Lucien pestaneaba, as violetas que a súa nai levaba no xustillo saían do agocho e Lucien respiraba de súpeto o seu recendo. Non deixara de saloucar, sentía a humidade e as cóxegas; de feito estaba case tan pegañento coma a laranxada. Habíalle gustar batuxar na súa bañeira pequena e que mamá o fregase ben coa esponxa de goma. Permitíronlle deitarse no cuarto de papá e mamá, coma cando era un naipelo. Deu en rir e

